



## BASES DO V CONCURSO "RELATO TURÍSTICO" CURSO 2015-2016

### OBXECTO

O Servizo de Normalización Lingüística e a Comisión de Normalización Lingüística da Escola Universitaria de Turismo-CENP convocan o V concurso de exposición oral dun "**Relato Turístico**". A intención desta actividade é promover o idioma galego no ámbito universitario, no marco dos obxectivos establecidos polo Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

### TEMA

O tema da exposición oral consistirá en narrar unha experiencia turística.

### PERSOAS DESTINATARIAS

Poderá participar no concurso o alumnado matriculado na Escola Universitaria de Turismo do *Centro Español de Nuevas Profesiones*.

A participación é a título individual. Non se admitirán exposicións orais colectivas.

### PREMIO E RECOÑECIMENTO

Os premios teñen a seguinte contía: **200 euros** para o **primeiro premio**, e **dous accésit de 100 euros cada un**.

A dotación destes premios financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 0100.0107.422D.480.08 (Premios Normalización Lingüística).

### CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DA EXPOSICIÓN

As exposicións orais, orixinais e inéditas, deberanse presentar na sala de exposicións perante o tribunal e terán as seguintes características:

- Pódese acudir ao apoio de presentación escrita en *power point*, que estará redactada en lingua galega.
- A exposición oral será feita no idioma galego.
- Pódese levar redactada a narrativa oral como apoio.
- A duración mínima será de 20 minutos e a máxima de 30 minutos.

### CRITERIOS DE VALORACIÓN

Na avaliación das exposicións hanse ter en conta os seguintes aspectos:

- O correcto dominio da lingua galega
- A calidade da redacción escrita no soporte de apoio
- A orixinalidade na escolla e na presentación dos contidos
- A exposición de elementos e/ou recursos turísticos de calquera parte do mundo desde a óptica dunha persoa galega
- O enfoque da narrativa ten que ser literario



## **PRAZO E LUGAR DE INSCRICIÓN**

As persoas candidatas deberán entregar as solicitudes na Secretaría da Escola Universitaria de Turismo-CENP. O prazo de presentación rematará ás 14:00 h do día 30 de setembro de 2015.

## **FORMA DE ENTREGA DA SOLICITUDE**

Na solicitude, segundo o modelo que se xunta, figurará o título da exposición oral, o nome e apelidos do/da participante, unha copia do DNI, un enderezo de correo electrónico e un número de teléfono. Tamén se indicará a necesidade, se proceder, do apoio loxístico necesario para a exposición.

## **COMPOSICIÓN DO XURADO**

O xurado estará composto polas seguintes persoas:

- Carlos Rodríguez Carro (secretario académico da EUT-CENP A Coruña)
- Sarah Moss (xefa de estudos da EUT-CENP A Coruña)
- M.<sup>a</sup> Elvira Lezcano González (profesora da EUT-CENP A Coruña)
- Óscar Ramos Montes (profesor da EUT-CENP A Coruña)
- Mairisol Ríos Noya (técnica do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña), ou persoa en quen delegar

## **EXPOSICIÓN ORAL E RESOLUCIÓN**

Entre os días 10 e 31 de outubro serán convocadas as persoas que solicitaron participar no concurso para realizaren a exposición oral nun acto público, coa presenza do xurado, que resolverá nesa mesma sesión.

Unha vez resolto o concurso serán publicados os nomes das persoas gañadoras na páxina web do CENP Coruña (<http://www.cenpcoruna.es>) e mais na do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (<http://www.udc.gal/snl/>).

## **ACEPTACIÓN DAS BASES**

A presentación das exposicións orais supón a plena aceptación do contido destas bases por parte das persoas participantes.

A Coruña, 18 de maio de 2015

O secretario xeral

Carlos A. Amoedo Souto



**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO “RELATO TURÍSTICO”  
CURSO 2015/2016**

APELIDOS

NOME

DNI

ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO

TELÉFONO DE CONTACTO

TÍTULO DA EXPOSICIÓN ORAL

PRECISA APOIO LOXÍSTICO (especifique cal)

BREVE RESUMO DO RELATO (max. 100 palabras)

A Coruña, de  
Asinado:

2015